

XULLO 2021

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Xullo 2021

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19
VIAXEIROS	8.565.366	-29,4%	480.966	-10,7%
NOITES	26.395.575	-38,9%	1.053.264	-13,5%
ESTADÍA MEDIA	3,08	-13,5%	2,19	-3,2%
% OCUPACIÓN	52,58%	-18,55	48,80%	-4,19
ADR	102,9 €	-0,2%	69,4 €	8,3%
RevPAR	57,1 €	-25,8%	35,4 €	-0,4%

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

No mes de xullo Galicia sofre as consecuencias da quinta onda da pandemia, con empeoramento dos datos epidemiolóxicos que levan a tomar diferentes medidas de restrición de acceso e aforo na hostalería, entre outras, circunstancia que afecta notablemente a moitos concellos de notable importancia turística.

Na análise dos datos deste mes cabe ter en conta que en xullo do pasado ano a situación da pandemia era diferente. O proceso de desescalada da primeira onda xa rematara e xurdían, como agora, brotes en diferentes zonas de Galicia que levaron a tomar medidas específicas por territorios. Moita oferta de aloxamento estivo aínda pechada e existía certo temor e moitas dúbidas a viaxar. Agora en 2021 a recuperación está iniciada e, por tanto, a comparación cos datos de 2020 é pouco representativa. Por isto, unha vez máis imos realizar a comparación co ano 2019 para observar en que medida a recuperación da actividade se achega aos niveis previos á pandemia.

Neste contexto o INE estima que en xullo abriron en Galicia 1.651 establecementos hoteleiros –dos algo máis de 1.400 que o fixeron no mesmo período de 2020 e dos preto de 1.800 de 2019- que ofertaron algo máis de 68 mil prazas –das preto de 73 mil de xullo de 2019-.

Isto supón unha caída da oferta dispoñible do 6% en relación ao último mes de xullo previo á pandemia, isto é, neste mes ofertáronse preto do 95% das prazas que estaban dispoñibles en xullo de 2019 –obviamente superáanse os niveis do pasado ano cando se ofertaban algo máis de 61 mil prazas.

XULLO 2021

- A conxuntura turística no sector hoteleiro en Galicia consolida neste mes a recuperación iniciada a partir de marzo. Xa en abril se iniciara un cambio de tendencia que se confirmou en maio e se ratifica agora en xuño e xullo no sentido de que o nivel de demanda reforza a súa recuperación logo dun ano con cifras moi baixas.
- Así, neste mes rexistráronse en Galicia 481 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 1,0 millón de noites, cifras que superan nun 82% e 73% respectivamente o dato do pasado ano e que supoñen máis do 85% do que se rexistraba en xullo de 2019. A recuperación consolídase, os

datos deste mes son os mellores desde setembro do pasado ano, superan con creces as cifras de xullo de 2020 e achéganse máis que nunca aos niveis que se rexistraban na comunidade antes da crise.

- A tendencia positiva refórzase no sentido de que a recuperación vai achegando as cifras deste ano aos niveis de 2019. En marzo Galicia rexistrara o 37% do volume previo á pandemia, porcentaxe que ascende ao 60% en xuño e ao 87% agora en xullo.
- Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que o nivel de demanda deste mes é, obviando o dato do ano pasado, o máis baixo dos últimos seis anos e, en consecuencia, supera o volume rexistrado en toda a serie anterior a 2015. A recuperación coloca o dato deste ano nos niveis de mediados da década pasada, moi parellos aos de 2015.
- A nivel das comunidades autónomas obsérvase un comportamento parello, con variacións de intensidade. Neste sentido todas elas conseguen superar os niveis de demanda do pasado ano –con maior dinamismo os destinos insulares, Canarias e Baleares, por diante de Madrid, a C. Valenciana e Cataluña- pero mantéñense por debaixo dos niveis acadados en 2019. Os destinos que conseguiron recuperar maior cuota de demanda –no sentido de que presentan caídas menos notorias respecto dos niveis previos á pandemia- localízanse no norte peninsular. Destaca Asturias co mellor comportamento a nivel estatal, pois rexistra un nivel semellante ao de 2019 –sitúase no 98% de recuperación-. Seguen a continuación Aragón –cunha porcentaxe de recuperación do 90%-, Cantabria e Galicia –ambas con máis do 85% do valor de 2019-.
- No lado contrario, os destinos que continúan lonxe dos niveis previos á crise son xustamente os destinos insulares –Canarias e Baleares- xunto con Madrid e Cataluña –estas catro comunidades recuperan neste mes entorno ao 50% do total da demanda rexistrada en xullo de 2019-.
- Neste contexto Galicia sitúase nunha posición notable pois sitúase en cuarto lugar no ranking de recuperación da demanda, en comparación cos niveis previos á pandemia.
- Confírmase por terceiro mes consecutivo que, con carácter xeral, os destinos que máis sufriron as consecuencias da crise –aqueles insulares e os localizados no mediterráneo peninsular- son os que agora inician unha recuperación máis intensa en comparación coas cifras de 2020 pero continúan lonxe dos niveis previos á pandemia.
- No conxunto do Estado a recuperación da demanda sitúase no 39% en comparación cos niveis previos á crise, rexistrando preto de 26,4 millóns de pernactacións.
- En termos de volume Galicia sitúase neste mes na sétima posición absorbendo o 4,0% do total estatal. Mantén a súa posición habitual –se ben en xaneiro colocábase en sexto lugar e en maio caía ao oitavo-, e sitúase por detrás dos principais destinos do Estado. Son neste mes, por orde de importancia, Baleares –con preto de 5,8 millóns de noites-, Andalucía –con case 5,2 millóns-, Cataluña –con máis de 4,1 millóns-, Canarias –con preto de 2,9 millóns-, a C. Valenciana –con 2,6 millóns- e Madrid –con algo máis de 1,1 millóns de noites neste caso-.
- No medio prazo a recuperación da demanda sitúase esencialmente no mercado de proximidade –principalmente o interno-. Isto vén condicionado en grande medida polas sinerxias herdadas das restricións de mobilidade aplicadas no conxunto do Estado e a nivel internacional. Sen embargo neste mes de xullo é o segmento receptor nacional, aquel que

procede das restantes comunidades autónomas, o que presenta o mellor comportamento en termos relativos. O nivel de recuperación é tal que este segmento consegue superar non só o volume de noites do pasado ano –en máis do dobre- senón tamén o de 2019, acadando case 710 mil pernoctacións –a segunda cifra máis alta da serie histórica, só por detrás do valor rexistrado en xullo de 2017-.

- O mercado interno, dos residentes en Galicia, mantén a tendencia positiva dos meses anteriores por canto rexistra niveis importantes de recuperación da demanda que superaron sempre aos restantes segmentos, pero que neste mes veuse superado polo receptor nacional. O turismo interno incrementa nun 26% a cifra do pasado ano e recupera case o 90% da demanda de 2019, cifras notables que reflicten a importancia deste segmento na recuperación do sector. Con preto de 232 mil noites o mercado interno acada en 2021 a cifra máis elevada de toda a serie anterior a 2015 e cun nivel semellante ao dese ano.
- O mercado internacional continúa amosando dificultades para un recuperación plena pero presenta agora en xullo mellor comportamento do observado en meses anteriores. Dobra o volume de noites do pasado ano pero sitúase por debaixo do 50% da demanda de 2019. Con preto de 112 mil noites este segmento mantense en mínimos históricos neste inicio do verán –obviando o dato de xullo de 2020-.
- Esta dinámica global dos tres grandes segmentos de mercado difire do observado nos últimos meses, o que provoca novos cambios na estrutura da demanda. O mercado interno, que habitualmente viña gañando peso e notoriedade, volve aos niveis previos á crise –cando menos neste mes de xullo- absorbendo o 22% do total da demanda hoteleira de Galicia. O mercado receptor nacional gaña representatividade e supón neste mes o 67% do total –a porcentaxe máis alta da serie histórica-. Isto é, dúas de cada tres noites hoteleiras deste mes de xullo corresponden ao mercado nacional procedente de fóra de Galicia, proporción nunca antes vista na nosa comunidade.
- O mercado internacional rexistra unha perda de dez puntos absorbendo o 10% do total –porcentaxe que supón un mínimo na serie histórica, semellante á do pasado ano-.
- A nivel territorial obsérvase tamén un comportamento parello da demanda, con pequenas diferenzas de intensidade. Neste sentido os datos a nivel provincial amosan niveis inferiores aos de xullo de 2019 pero a capacidade de recuperación difire levemente. Lugo é a provincia que presenta mellor comportamento en termos relativos por canto supera o 95% da demanda rexistrada antes da crise. En Ourense a capacidade de recuperación sitúase no contorno do 90% mentres que en A Coruña e Pontevedra a porcentaxe baixa ao 85%.
- Co 43,5% das noites hoteleiras –e case 458 mil pernoctacións- Pontevedra lidera por vez primeira neste ano o mercado turístico hoteleiro agora en xullo. Seguen en orde de importancia A Coruña –co 38,2% e preto de 403 mil noites-, Lugo –co 12,5%- e finalmente Ourense –co 5,8% do total da comunidade-.
- A estadía media hoteleira descende levemente neste mes –un 4,7% en particular- situándose en 2,2 noites –a cifra máis baixa dos últimos catro anos-. En termos absolutos o descenso supón unha décima menos que a cifra do pasado ano.
- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición intermedia no conxunto do Estado. Canarias, con 5,5 noites, e Baleares, con 5,3 noites, son os destinos que neste mes marcan as

cifras máis elevadas. No lado contrario Estremadura rexistra a cifra máis baixa, con 1,6 noites neste caso.

- O imporante nivel de recuperación observado no lado da demanda leva a unha mellora notable dos niveis de ocupación. Superan neste mes en 17 puntos a cifra do pasado ano aínda que fican por debaixo dos rexistrados antes da pandemia. Neste mes de xullo ocupáronse o 48,8% das prazas ofertadas, porcentaxe que ascendía ao 53,0% antes da crise.
- Baleares e Cantabria rexistran neste mes –por cuarta vez de forma consecutiva a primeira delas- a cifra de ocupación máis alta do conxunto do Estado con algo máis do 61% de media ambas. Seguen en orde de importancia, moi preto das anteriores, a C. Valenciana e Asturias –ambas no contorno do 60%-. No lado contrario Castela A Mancha marca a cifra máis baixa cun 31,6% de media. Neste contexto Galicia mellora a súa posición respecto do mes pasado –cando rexistraba a cifra máis baixa do conxunto do Estado- e sitúase na parte media do ranking superando as porcentaxes rexistradas en oito destinos nacionais –entre eles Cataluña ou Madrid-.
- As tarifas hoteleiras sitúanse en 69,4 euros, cifra que supera nun 9,8% a cifra do pasado ano e nun 8,3% o dato de 2019. Tal circunstancia rompe coa tendencia que se viña observando no último ano na que, en liña coa conxuntural global, as tarifas caían respecto dos valores previos á crise. Este notable incremento rexistrado en xullo coloca o dato do mes en máximos da serie histórica. O bo comportamento da demanda acontece, por tanto, nun contexto de subas das tarifas hoteleiras na comunidade.
- Esta mellora coloca o dato de Galicia nunha posición media en relación ás restantes comunidades autónomas, superando neste mes a cifra de seis destinos –habitualmente a nosa comunidade sitúase en posicións baixas, mesmo coas tarifas máis pequenas do Estado-. Baleares, con 138,4 euros, rexistra a cifra máis alta neste mes, por diante de Andalucía –con 115,1 euros- e Canarias –con 102,3 euros-, marcando todas certa distancia cos restantes destinos do Estado.
- O bo comportamento da demanda e dos niveis de ocupación, nun contexto de mellora das tarifas hoteleiras, leva a que neste mes os establecementos hoteleiros de Galicia melloren notablemente os niveis de rendibilidade. Así, o RevPAR sitúase en 35,4 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a segunda cifra máis alta da serie histórica e moi parella ao valor rexistrado en 2019 –cando se rexistraran 35,5 euros de media-. Os niveis de rendibilidade superan nun 68% a cifra do pasado ano 2020.
- Con esta cifra Galicia colócase nunha posición intermedia no conxunto do Estado, superando o valor observado en sete destinos. Baleares -con 86,2 euros- é o destino de maior rendibilidade hoteleira neste inicio do verán, por diante de Andalucía, a C. Valenciana e o País Vasco –que rexistran un nivel de rendibilidade por encima dos 60 euros-. A media do conxunto do Estado sitúase en 57,2 euros.
- En termos globais estímase que o sector hoteleiro de Galicia obtivo uns ingresos totais próximos aos 39,1 millóns de euros neste mes de xullo, cifra que supón aproximadamente o 94% do acadado no mesmo período de 2019.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Xullo 2011-21




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Xullo 2021/19




Fig. 3. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Xullo 2021/19




Fig. 4. Evolución da estadia media. Xullo 2011-21




Fig. 5. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Xullo 2011-21




Fig. 6. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Xullo 2011-21

